

## **ACTA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE**

**Sesión do 17 de xuño de 2016**

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o venres 17 de xuño de 2016, ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (6 de abril de 2016)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Aprobación, se procede, do Regulamento do TFG**
- 4. Aprobación, se procede, do calendario escolar do curso 2016/17**
- 5. Aprobación, se procede, dos horarios para o curso 2016/17**
- 6. Aprobación, se procede, das datas de exames para o curso 2016/17**
- 7. Aprobación, se procede, de solicitude de recoñecemento de créditos ECTS para o curso “O reto das novas humanidades”**
- 8. Aprobación, se procede, do Plan operativo de información pública e rendemento de contas (R1 DO-0301 P1)**
- 9. Rolda de intervencións**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (6 de abril de 2016)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: Ladislao Castro (seminario do equipo de intervención arqueolóxica), Alberto Valín (cita médica) e Héctor Espino (bolseiro na campaña arqueolóxica de Medeiros).
- O informe provisional de autoseguimento do centro veu co resultado de conforme excelente, tanto na titulación de grao coma na de mestrado. Analizouse o contido detidamente e consideramos que as observacións son acertadas polo que non se considera preciso realizar alegacións.

Bea Comendador comenta que o mestrado en valoración, xestión e protección do patrimonio cultural está bastante danado porque vaise ofertar sen o módulo de conservación e restauración que dependía da Escola de Pontevedra. Haberá que ver o número de alumnado que fai a inscrición para o vindeiro curso. De todos os xeitos haberá que facer unha remodelación do mesmo, que vai implicar modificación na memoria ao non ofertar o devandito módulo, ben porque non se teña conseguido o número mínimo de matriculados, ben porque haxa que adaptalo a ausencia do módulo.

- A decana informa de que asistiu á XXIII Conferencia de decanatos de Artes e Humanidades o pasado mes en Oviedo. Entre o que alí se dixo quere destacar que o número mínimo de matriculados de 1º varía segundo as Comunidades Autónomas, por exemplo na Universidade Salamanca esixen menos alumnado que nós, 35. Outras titulacións as definen como singulares e as manteñen cun número moi pequeno de alumnos. Outro aspecto que quere destacar é que en moitas das universidades, para defender o TFG non é preciso que o resto das materias estean aprobadas, sendo suficiente con que estea todo matriculado. Neste caso a normativa depende de cada universidade.
- Lembra que se están a recompilar as evidencias do PAT. Prégase que remitan as enquisas á secretaría de decanato e se algún docente fixo a convocatoria e non se presentou ninguén que nos remita ese correo.
- O equipo decanal tivo unha reunión co vicerreitor o mes pasado, entre as cousas que comentou Virxilio foi que se vai habilitar á tarxeta para poder acceder aos edificios fóra do horario laboral. Nun momento dado se solicitará a tarxeta e se devolverá en 3-4 días xa habilitada.
- Informa que se teñen moi avanzados os temas de calidade.

Antonio Presedo comenta que ao comezo do vindeiro curso se comezará a concienciar e implicar a toda a comunidade do centro, informando detalladamente sobre os procesos que se van levar a cabo nos seguintes meses.

- A decana comunica que se está organizando, coa axuda dos docentes das diferentes áreas, unhas xornadas que levarán por título “Historia das mulleres”. O programa xa está bastante avanzado, serán no mes de outubro e inscríbense no marco das actividades do centro.

Non se conseguiu a ninguén da área de medieval, nin de moderna pero as demais áreas estarán representadas. Será en dous días e haberá tres conferencias por día.

### **3. Aprobación, se procede, do Regulamento do TFG**

O alumno Jorge Ansia comenta que lle parece pouco tempo os 15 minutos que se dan ao estudante para a exposición. A decana responde que consiste en realizar unha boa síntese xa que o tribunal xa leu o traballo. Tamén comenta o alumno se os traballos en grupo se van a cualificar igual para todos os compoñentes.

Toma a palabra Julio Prada, como coordinador da materia de TFG, e explica, respecto ao tempo de defensa, que a capacidade de síntese do alumnado é unha das fórmulas de avaliar o mesmo. Respecto aos traballos en grupo, é algo que a normativa da UVigo contempla. A Comisión do TFG terá que valorar se o traballo ten unha envergadura tal como para facelo en grupo. Terá que ser claramente diferenciable o traballo de cada alumno para poder así avalialo dun xeito individual. Respecto ás reformas feitas no regulamento, explica que afectan ao artigo 3, sobre a matrícula, onde se engade o seguinte punto:

*6. O alumnado que reúna os requisitos para presentarse á convocatoria de fin de carreira e desexa defender o TFG no período establecido pola Facultade deberá matricularse do mesmo no período establecido pola Universidade de Vigo. No caso de que contase cunha asignación previa de temática e titor ou titora e esta non tivese caducado polo transcurso de dous anos académicos, non precisará depositar novamente os impresos correspondentes.*

Outra das reformas relaciónase coa necesidade de crear unha comisión permanente para resolver asuntos de trámite e non ter que convocar a comisión do TFG, afecta ao artigo 10

#### *3. Comisión Permanente de TFG*

*a) A Comisión Permanente do TFG estará composta polo presidente ou presidenta e o secretario ou secretaria da Comisión de TFG.*

*b) A Comisión Permanente do TFG terá como única función resolver os asuntos de trámite que, pola súa natureza, non requiran a convocatoria da Comisión de TFG.*

Quere facer constar a solicitude de que na convocatoria de xullo, o profesorado non esgote o tempo para entregar as actas e non prexudicar así ao alumnado que quere defender o TFG.

Apróbase o Regulamento do TFG.

### **4. Aprobación, se procede, do calendario escolar do curso 2016/17**

Apróbase por asentimento o calendario do curso 2016/17.

**5. Aprobación, se procede, dos horarios para o curso 2016/17**

Apróbase por asentimento os horarios do curso 2016/17.

**6. Aprobación, se procede, das datas de exames para o curso 2016/17**

Apróbanse as datas de exame para o curso 2016/17 por asentimento.

**7. Aprobación, se procede, de solicitude de recoñecemento de créditos ECTS para o curso “O reto das novas humanidades”**

A decana expón que hai outra actividade programada para principios de curso, como complemento aos actos de benvida ao alumnado. Cédelle a palabra á vicedecana Beatriz Comendador que explica que se solicitou unha axuda ao Consello Social para realizar esta actividade. Entrouse en contacto cun grupo de profesores da Universidade de Murcia que teñen como obxectivo explicar o reto das novas humanidades dende un plantexamento distinto. Este curso será do 12 ao 14 de setembro e se desenvolverá en dúas sesións expositivas e nunha final cun taller para que os asistentes elaboren un proxecto e presentalo.

Apróbase a solicitude de recoñecemento de créditos ECTS para o mencionado curso.

**8. Aprobación, se procede, do Plan operativo de información pública e rendemento de contas (R1 DO-0301 P1)**

O Plan Operativo de Información Pública é o rexistro de toda información que o Centro ten que ter pública.

O plan aparece estruturado en tres niveis: O primeiro a información que a ACSUG considera necesaria que estea pública e que revisa nos informes de seguimento; o segundo o da Universidade de Vigo e o terceiro o do propio Centro. En cada nivel vaise excluindo os aspectos que se atopan no anterior. O obxectivo é que toda a información básica do centro e dos seus títulos sexa transparente e facilmente accesible por todos os grupos de interese. No noso caso en concreto da facultade de Historia os medios máis significativos son: a través da web e de facebook.

Apróbase o Plan operativo de información pública e rendemento de contas.

**9. Rolda de intervencións**


O alumno Daniel Cid expón que chegaron á Delegación queixas sobre a materia de Historia Moderna de España. Cédelle á palabra a Carlos Lozano que le o escrito en calidade de Presidente.

Unha copia do escrito se remitirá á área afectada para que emitan o seu parecer. O escrito xúntase á acta.

Tamén queren informar que a Delegación de Alumnos puxo en marcha un blog para establecer unha vía de información fluída entre o alumnado e ter a información ao día. Este é o enderezo: <https://dafhouvigo.blogspot.com.es/> . Hai un enlace dende a web da Facultade.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12.40 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez

XUNTA DE FACULTADE

ORDINARIA

17/06/2016

	ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
ANSIA GÓMEZ, JORGE	SI	
ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN	SI	
BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA	SI	
CASTRO LÓPEZ, LADISLAO		SI
CID NARVÁEZ, DANIEL	SI	
COMENDADOR REY, BEATRIZ	SI	
DÍAZ ALONSO, XOEL	SI	
ESPINO ALVARADO, HÉCTOR		SI

FDEZ CONTRERAS, M<sup>a</sup> CARMEN  
GARCÍA CABO, MANUEL  
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT  
JUANA LÓPEZ, JESÚS DE  
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA  
LOZANO GONZÁLEZ, CARLOS  
PÉREZ LOSADA, FERMÍN  
PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER  
PRADA RODRÍGUEZ, JULIO  
PRESEDO GARAZO, ANTONIO  
REAL LÓPEZ, ARTURO  
REBOREDA MORILLO, SUSANA  
SIXIREI PAREDES, CARLOS  
TABOADA RODRÍGUEZ, SOFÍA  
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE  
VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO  
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

	NO
	NO
	NO
SI	
	SI
SI	
SI	
SI	
SI	
SI	
SI	
	NO
SI	
SI	
	SI
SI	